

## DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF) e de conformidade co previsto no artigo 24 do R.O.M. que permite á alcaldía a instancia dos voceiros varialo día da sesión por causas xustificadas, estando a semana pasada sen rematar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, polo que por medio do presente veño en convocar sesión ordinaria que se celebrará no Salón de Plenos o vindeiro día **1 de marzo, ás 21:00 horas** e no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debatir os asuntos relacionados no seguinte:

### I PARTE RESOLUTIVA

1º.- Aprobación, se procede, do ditame do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2018 (G. 673/2018).

### II PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

2º.- Acordo do grupo de goberno relativo á mellora do servizo de conserxería e limpeza nos centros educativos, dacordo cos solicitudes presentada por diversas ANPAS.

3º.- Moción do grupo municipal do Partido Popular referente á mellora do servizo de conserxería e limpeza nos centros educativos.

4º.- Moción do grupo municipal de Somos Cambados para que se atendan as reivindicacións do persoal do sector da xustiza.

5º.- Moción do grupo municipal socialista para establecer un sistema público de pensións con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades

6º.- Moción do grupo municipal socialista con motivo do día 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

7º.- Moción do grupo municipal do BNG para apoiar a folga internacional re reivindicación feminista do 8 de marzo.

8º.- Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre a comarcalización dos parques de bombeiros.

9º.- Moción do grupo municipal de Somos Cambados para que se incúan todos os tipos de AME e outras enfermidades minoritarias no Real Decreto 1148/2011

10º.- Acordo de goberno para declarar o 24 de febrero Día de Rosalía no Concello de Cambados

11º.- Moción do grupo municipal de Somos Cambados a prol da liberdade de expresión.

12º.- Dar conta das resolucións da alcaldía

13º.- Rogos e preguntas

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos.

O Alcalde en funcións. O Secretario Xeral

Documento asinado electrónicamente.